

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE NOVEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 14:05 horas do día 7 de novembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D^a. Carla Candia Paz como vogal suplente de D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 8d, 9d e 10a)
D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 8a, 8b, 8c, 9a, 9b e 9c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 31 de outubro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 31 de outubro de 2018 cos votos de D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. María Isabel Fernández Gabriel e D^a. Olga Gómez Corbal.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75- 441) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical o 5 de novembro de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pelaio" (83-441) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas, o enxeñeiro de Camiños,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:15	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAE4F-CDD6EC-27A247-B59RAD-PKUZXF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical o 31 de outubro e 5 de novembro de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade (109-441) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 5 de novembro de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

d) Procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego o 5 de novembro de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75- 441) (informe sobre B)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical o 5 de novembro de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pelaio” (83-441) (informe sobre B)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical o 31 de outubro e 5 de novembro de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:15	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AB4E4F-CDD6EC-27A247-B59RAD-PKUZXF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade (109-441) (informe sobre B)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 5 de novembro de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

d) Procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320) (informe sobre C con proposta de clasificación)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego o 5 de novembro de 2018 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”:

Empresas licitadoras	Puntuación total
APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L.	97,75
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L.	59,49



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:15	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AB AE4F-CDD6EC-27A247-B59RAD-PKUZX F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lote 2 “Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos”:

Empresas licitadoras	Puntuación total
APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L.	92,37
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L.	60,04

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (agás a escritura de constitución e a solvencia técnica por ter presentado a documentación acreditativa no Sobre A).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:15	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAE4F-CDD6EC-27A247-B59RAD-PKUZXF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		